

Igualdade de oportunidades no acceso ao coñecemento e no proceso de aprendizaxe: estándares abertos



TEMA 4

Coñecemento aberto e colaborativo no ensino

Duración do curso: 30 horas



Coñecemento aberto e colaborativo no ensino: tecnoloxías e SWL

Introdución

Neste tema imos presentar o concepto de estándares abertos como elemento imprescindible para o futuro dunha **educación en igualdade**.

Un dos dereitos básicos para o acceso á educación xa no presente e no futuro **será a utilización de estándares abertos** en ámbitos educativos, administrativos e de vida comunitaria en xeral.

Estes estándares deberían garantir o acceso a calquera documento que distribúa un docente, unha persoa da administración educativa, o alumnado, etc.

Obxectivos

Comprender a operatividade dos estándares no marco educativo.

- Coñecer diferentes estándares cos que traballamos ou utilizamos nas aulas.
-



Por que estandarizar?

Porque o estándar vai garantir o acceso a ese documento, ficheiro, programa, etc. Un acceso para todas as persoas sen ter que utilizar diferentes sistemas privativos.

Na actualidade xa traballamos con estándares, por exemplo, de documento de texto: .odt, .pdf, etc. Mais non quedan aínda moitas rutinas e formatos por estandarizar na práctica educativa diaria.



Unha noticia de estandarización educativa

Só para que comprendamos o alcance da estandarización e as vantaxes que pode ofrecernos imos ler esta noticia que saía na publicación Barrapunto no ano 2005.

A BECTA, a organización responsable da política educativa en Gran Bretaña decidiu que as aplicacións ofimáticas dos centros de ensino deberán crear, editar e abrir ficheiros en formato estándar. Tais como .txt, .rtf, .html, .csv, etc.




<http://ciberderechos.barrapunto.com/article.pl?sid=05/10/25/1934206>

Que é un estándar aberto?

É unha especificación dispoñible publicamente para conseguir unha tarefa específica. A especificación debe ter sido desenvolvida en proceso aberto a toda a industria e calquera a pode usar sen necesidade de pagar regalías ou render condicións.

Ao permitir universalmente a obtención e implementación do estándar, pode incrementar e permitir **compatibilidade** e **interoperabilidade** entre diferentes compoñentes de hardware e software.



Os estándares permiten a interoperabilidade

Interoperabilidade é a capacidade dun sistema de **comunicarse de xeito transparente** con outro sistema, similar ou non.

Deste xeito os estándares están orientados a poder ser utilizados en diferentes sistemas ou plataformas. Por exemplo, nas plataformas educativas un estándar interoperable é o SCORM. Se non o coñecemos podemos pensar nun PDF que se colga en diferentes aplicacións.

A idea é que ese estándar sexa utilizado en diversos sistemas, por exemplo nun Moodle ou nun Dokeos, dúas das plataformas educativas máis utilizadas.



Por medio dos ficheiros estándar temos contidos que se poden utilizar en diferentes sistemas. Por dicilo dalgún xeito se son docente e elaboro materiais educativos en formatos estándar poderei despois poñelos a disposición do meu alumnado en diferentes plataformas elearning.


Igualdade de oportunidades no acceso ao coñecemento

Na actualidade podemos ver aínda afastada de nós esta necesidade de familiarizármonos cos estándares, a interoperabilidade ou os códigos abertos.

Mais como podemos observar a cada paso son máis importantes estas nocións que acompañan o proceso educativo. Hoxe a información está na Internet e é alí onde se vai desenvolver parte do proceso educativo.

Por iso, cómpre estar moi atentos e atentas a todas as novidades tecnolóxicas que afectan aos contidos, aplicacións e materiais cos que imos traballar.

A nosa actividade docente pode introducirse nun novo mundo de oportunidades e aprendizaxe ou quedar parada diante dos cambios que operan no día a día ao noso redor. Só está na nosa man, como docentes, encamiñarnos naquela dirección que favoreza a nosa propia autoaprendizaxe para transmitila ao mesmo tempo ao noso alumnado.



O proceso de aprendizaxe e a estandarización

O medio educativo está totalmente atravesado polo fenómeno da Internet e da tecnoloxía. Se botamos a vista atrás, ben cara a nosa propia formación ou cara a nosa experiencia docente, podemos observar como este contexto o cambiou todo. Agora a información está na rede e prescindir dela é como **aprender a nadar sen auga**.

Mais na rede hai moito que aprender e podemos caer na tentación de saturarnos de información sen coñecer claramente cara onde camiñamos e que estamos facendo coa nosa preparación para enfrontármolos ao fenómeno da aprendizaxe.



Aquí é onde pode ser moi operativo coñecer algúns conceptos requisitos básicos para identificar que é o que

nos interesa a nós como docentes. E, de certo, os contidos que hai hoxe na rede interésannos e moito. Con eles alimentamos a nosa propia autoaprendizaxe e a dos colectivos aos que nos diriximos.

Coñecer, a importancia, dos estándares abertos, será outro dos elementos que nos axudará e moito a ter criterio ao redor das cuestións prioritarias sobre as que nos formamos e informamos.

